

Concesión do Premio Xoán Manuel Pintos 2018

O Concello de Pontevedra convoca o premio Xoán Manuel Pintos co fin de facer recoñecemento público ao labor de impulso do uso da lingua galega e, ao mesmo tempo, manter viva a memoria do xurista e escritor Xoán Manuel Pintos, figura central do Rexurdimento e un dos pioneiros no compromiso coa defensa da lingua galega.

O xurado, formado por Alberto Oubiña Piai, concelleiro de Normalización Lingüística; Beatriz Campos de Migallas Teatro e Luís Davila, premios Xoán Manuel Pintos no ano 2016; José Luís Rodríguez, representante da asociación cultural Os de Algures; Begoña Mayo, representante da asociación de veciños Eduardo Pondal; Elena Gallego Abad, representante do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia; Jorge Potel, representante do ENL do IES A Xunqueira II; Beatriz Corral Sánchez, representante da Administración autonómica- SXPL, e Concepción Cochón, técnica de normalización lingüística no Concello de Pontevedra, acorda outorgar:

O premio **ao labor desenvolto desde a última edición ao programa Apego**, porque consegue sumar a miles de familias para que sexan activas na transmisión da lingua galega desde o berce, como lingua inicial das súas fillas e dos seus fillos. Apego propón o uso da lingua galega para crear os vínculos coa familia, descubrir o mundo, asentar o arraigo a esta terra e crear redes que impulsen e arroupen o uso do galego coas crianzas; dá a coñecer os recursos que existen e crea novos, para que as nenas e os nenos adquiren a lingua de maneira natural a través de contos, xogos, seres máxicos, adiviñas e cancións; crea comunidade para facilitar a presenza da lingua nos espazos de socialización dos primeiros anos de vida; e pula para que o futuro da lingua sexa tan forte e tan cheo de esperanza como as nenas, os nenos e as familias, que son a esencia do traballo a prol da lingua.

O premio **ao traballo de xeito continuado ao longo de toda a traxectoria vital e profesional, para Vitoria Ogando e Anxo González Guerra**. Ambos os dous son profesores de lingua e literatura galega que desenvolveron os seus anos de docencia en Pontevedra, transmitindo a dúcias de xeracións de estudantes o seu amor pola lingua e o orgullo de termos lingua, historia e cultura propias. Porén, o seu labor docente transcendeu os muros dos centros de ensino. Xuntos crearon materiais para a aprendizaxe da lingua, primeiro en papel e despois desde a Rede. Xubiláronse hai pouco do ensino, pero seguen a desenvolver un intenso labor de amor cara á lingua; continúan coa súa actividade a prol da lingua desde a páxina web ogalego.gal onde seguen a atesourar materiais que conectan a nosa lingua e a nosa cultura co sistema lingüístico e cultural do mundo. O labor das súas dúas vidas profesionais e vitais transcende o ensino dunha lingua e dunha literatura, porque buscan construír e arrequecer o amor e o orgullo polo idioma de noso.

O xurado tamén votou entre todas as propostas presentadas pola cidadanía e resolveu premiar **á Galipedia, a enciclopedia libre en galego** pola súa promoción e normalización da lingua galega. Galipedia é unha ferramenta de normalización do noso idioma accesible a todo o mundo desde a Rede e que atesoura e difunde información de todos os campos do coñecemento humano. É unha enciclopedia universal e virtual, construída por e para galegofalantes. Desde o traballo voluntario e desinteresado, día a día mellora os recursos que temos dispoñibles para, desde a nosa lingua, accedermos ao coñecemento universal.

Os premios Xoán Manuel Pintos entregáronse no transcurso dun acto público o xoves 15 de marzo de 2018, no Pazo de Mugartegui (praza da Pedreira) ás 20.30 horas.

Pontevedra, 28 de febreiro de 2018